



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A "FUNDACIÓN JUANSOÑADOR" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SOCIO EDUCATIVO E DE LECER E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA A INFANCIA, A ADOLESCENCIA E AS FAMILIAS NO ANO 2025

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 1 de abril de 1991.

E doutra, don Francisco Rodríguez Míguez, con NIF 34958931N, e domicilio na Avenida Antibióticos, 126, 24009-León, vicepresidente do padroado da Fundación JuanSoñador, actuando en nome e representación da entidade, con NIF G-24452435, en virtude da escritura de apoderamento outorgada por acordo do padroado de 18 de xuño de 2021 e elevada a escritura pública outorgada ante o Notario Don Gustavo Parco Arrondo do Ilustre Colexio de Castilla e León, con residencia en León, de data 23 de setembro de 2021, número de protocolo 2325 e inscrito no Rexistro de Fundacións asistenciais por Resolución do 23 de maio de 2022.

As dúas persoas interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades, no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de



marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da entón Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo, nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.

Quinto.- A Fundación JuanSoñador é unha entidade de natureza fundacional que foi constituída mediante escritura pública outorgada o 6 de xuño de 2002, co número de protocolo 1008 ante a notaria Ana Margarita de los Mozos Touya do Ilustre Colexio de Valladolid, e figura inscrita co número 24-0061 como fundación de asistencia social e cooperación para o desenvolvemento, no Rexistro de fundacións asistenciais, en virtude da Orde TAS/2546/2002, do 19 de setembro. Así mesmo, figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-4622.

A dita entidade, segundo consta no artigo 5 dos seus estatutos, ten como finalidade a prevención, educación e promoción social de nenos, nenas e adolescentes en situación de



risco, marxinalidade e exclusión social ofrecéndolles, a través de propostas educativas integrais, non só que se dea resposta ás necesidades primarias, senón que se desenvolva un proceso educativo que axude aos menores e adolescentes na súa promoción humana integral, incidindo nas raíces e causas da pobreza e exclusión, e por outra banda, optando por unha educación como metodoloxía pedagóxica-preventiva, entendendo a educación como elemento fundamental para a prevención e superación de situacións de desvantaxe na que se atopan as persoas menores. Para isto vén desenvolvendo programas que promoven a integración deste colectivo en contextos normalizados (familia, escola, ámbito social) a través de actividades de lecer e tempo libre, así como apoio socio-educativo para menores con necesidades específicas.

Sexto.- A Fundación JuanSoñador, durante o ano 2025 segue a desenvolver o *“Programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias”* no que procura unha educación integral desenvolvendo un proceso educativo que axude á persoa na súa promoción humana integral incidindo nas raíces e causas da pobreza e/ou desvantaxe social. Ademais, posúe unha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo dos últimos anos.

As áreas de actuación que comprende este programa son as seguintes:

- Atención ao desenvolvemento persoal e social.
- Atención escolar.
- Atención familiar.
- Atención e dinamización do lecer e tempo libre.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que non se atopa na nosa Comunidade Autónoma outra entidade que poida igualar estes aspectos, polo tanto considérase idónea pola súa experiencia no ámbito da atención ás persoas menores, a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral das persoas menores acollidas ao sistema de protección.

Sétimo.- A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que se vén executando dende hai anos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia pola Fundación JuanSoñador. A experiencia da Fundación Juan Soñador no ámbito de atención a menores e as súas familias, a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/das menores usuarios/as destes, determina a idoneidade da dita entidade na execución do *Programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias* e a imposibilidade de promover a concorrència pública para a concesión dunha subvención con tal fin xa que é a única entidade en toda a Comunidade Autónoma que desenvolve un programa destas características.



Oitavo.- A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario.

Este programa, financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, exclúe o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención a favor da Fundación JuanSoñador para o desenvolvemento do *Programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2025*, mediante o cal se lles facilita o adecuado desenvolvemento persoal e social ás persoas menores participantes nas actividades que se recollen na cláusula terceira.

SEGUNDA. *Beneficiarios/as do programa a subvencionar*

Son beneficiarios/as do programa as persoas menores, de 6 a 18 anos, en situación de desprotección ou desvantaxe social, así como as súas familias.

TERCEIRA. *Actuacións do programa a subvencionar*

1. O obxectivo xeral do programa é lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia, adolescencia e mocidade en situación de vulnerabilidade a través de servizos de atención diúrna, fóra do horario escolar e cun enfoque integral na intervención, dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento persoal e social, adquisición de aprendizaxes básicas e lúdicas, que compensen as desvantaxes socioeducativas e familiares.

2. As áreas de atención das actuacións que se van a subvencionar, detalladas no anexo II son as seguintes:



a) Desenvolvemento persoal e social, inclúe o deseño, seguimento e avaliación de itinerarios socioeducativos individualizados, así como titorías personalizadas e talleres educativos centrados na prevención de riscos, promoción de valores, educación emocional e competencias sociais, tanto en formato individual como grupal.

b) Atención escolar, comprende o apoio e reforzo educativo fóra do horario lectivo, espazos acompañados para o estudo, acceso a recursos tecnolóxicos e material escolar, préstamo de libros e fomento da lectura, así como actividades para mellorar as competencias transversais. Inclúe tamén a coordinación coas escolas e a mediación educativa.

c) Atención familiar, ofértanse espazos de encontro e orientación familiar, promovendo a implicación das familias no proceso educativo das persoas menores e o fortalecemento das súas competencias educativas.

d) Lecer e tempo libre, desenvólvense actividades lúdicas e educativas organizadas en tres ámbitos:

1º. Entre iguais: mediante salas abertas, asembleas participativas, clubs de lectura, uso responsable das novas tecnoloxías, celebración de festas, merendas saudables e lecer autoxestionado con acompañamento.

2º. Na comunidade: a través de accións nos ámbitos cultural, deportivo, medioambiental e artístico-creativo, favorecendo a participación activa, o coñecemento do entorno e a expresión persoal.

3º. En familia: promovendo actividades lúdicas compartidas e facilitando o préstamo de materiais educativos para o fogar.

3. Os obxectivos específicos do programa, detallados no anexo II son:

a) Atención ao desenvolvemento persoal e social das persoas menores, promovendo a súa participación activa como dereito fundamental e ferramenta de inclusión. Favorecerase a súa madurez e emancipación mediante itinerarios socioeducativos individualizados, o fortalecemento das habilidades sociais e o acompañamento emocional personalizado.

b) Atención e apoio ao ámbito escolar, mediante o fomento da motivación polo estudo, o reforzo educativo adaptado ás necesidades individuais, e a coordinación coas unidades educativas para acadar unha intervención máis eficiente e coherente.

c) Atención ás familias, orientando e acompañando no proceso socioeducativo das persoas menores, reforzando as competencias parentais e promovendo a implicación activa das familias no proceso educativo.

d) Atención e dinamización do ocio e tempo libre, mediante a creación de espazos non formais de carácter educativo, que favorezan a socialización positiva, a aprendizaxe e o desenvolvemento integral. Impulsarase a participación activa da infancia e adolescencia, especialmente en situación de risco de exclusión social, así como a colaboración co tecido



asociativo do entorno. Todo isto, nun marco de valores como a igualdade, a tolerancia, a solidariedade e o respecto.

CUARTA. *Compromisos da Fundación JuanSoñador como beneficiaria da subvención, xustificación e control*

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá ao reintegro total ou parcial, atendendo os criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedinte, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedinte a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- h) Incluir na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- j) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- k) Remitir á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, unha memoria final de actuación do exercicio 2025 das actuacións que conforman o programa obxecto deste convenio, tendo como prazo límite o 29 de xaneiro de 2026, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desagregadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados.
- l) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- m) Facilitar á Administración toda a información e documentación esixida pola vixente circular de acollemento familiar, con suxeición á lexislación en materia de protección de datos e á restante normativa aplicable.

QUINTA. *Persoal para o desenvolvemento do programa subvencionado*

Para o desenvolvemento do programa, a Fundación JuanSoñador disporá, en cada unha das localizacións, nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, do persoal educativo suficiente para atender as persoas menores beneficiarias deste, así como o persoal necesario para a súa coordinación e xestión.

Como mínimo a Fundación JuanSoñador empregará para o desenvolvemento das actuacións do programa, o seguinte cadro de efectivos:

1 psicólogo/a, 7 educadores/as sociais, 1 traballador/a social, 4 administrativo/a, 2 persoas para limpeza, 1 técnico en integración. A coordinación do programa será compartida polo psicólogo/a e por un/unha educador/a social.

Ademais, poderá participar persoal voluntario que colabore coa Fundación JuanSoñador integrado fundamentalmente por profesionais técnicos da educación.



O equipo que a Fundación JuanSoñador poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser a entidade beneficiaria a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente, respecto destes, o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as actuacións do programa e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a este órgano responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

A maiores do establecido na Cláusula oitava, sobre a protección de datos persoais, a entidade beneficiaria esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

SEXTA. Financiamento

1. O Programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2025 ten un custo global estimado de 195.813,55 €, dos que a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 172.281,08 €, destinados exclusivamente ás actuacións obxecto deste programa. Dito importe vén reflectido na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, partida orzamentaria 08.02.312B.481.0.

A devandita achega económica límitase á compensación de gastos desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

Así mesmo, a Fundación JuanSoñador comprométese a achegar a cantidade de 23.532,47 € procedentes de fondos propios da entidade.

2. O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social e Igualdade realizarase, en aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro do seguinte xeito:

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 137.824,86 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades do programa a subvencionar descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.



b) Os 34.456,22 € restantes (20% da cantidade subvencionada) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade das actuacións que conforman o programa subvencionado.

3. As actuacións que conforman o programa e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse en cada xustificación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos das actividades, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na primeira epígrafe.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria, se fora o caso.

c) En canto aos custos salariais, a Fundación JuanSoñador deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT).
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar ás actuacións que conforman o programa subvencionado será do 100% do gasto do persoal técnico contemplado na cláusula quinta, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións



subvencionadas. A tal efecto, se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da/s actuación/s realizada/s en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, conforme ao recollido no cadro de gastos de persoal da memoria económica, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que substitúe a titular.
- No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, o importe non desembolsado deberá reintegrarse na súa totalidade, excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles, os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas, agás oposición expresa da Fundación JuanSoñador, en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Fundación JuanSoñador a presentación dos documentos correspondentes.



e) A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 17 de decembro de 2025, e deberá presentarse na Dirección Xeral con competencia en materia de familia, infancia e dinamización demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade con data límite 17 de decembro de 2025.

A Fundación JuanSoñador comprométese á presentación dos xustificantes de pago que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder e non máis tarde do 15/02/2026.

A Fundación JuanSoñador, no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA. *Compatibilidade*

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

OITAVA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Fundación JuanSoñador designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración e será designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.



A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia.

Como órgano colexiado, a comisión someterase ao réxime establecido nesta cláusula e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención e descritas na cláusula terceira que realizase a entidade beneficiaria dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro.

A subscripción deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fose expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Resolución do convenio

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actuacións-subvencionadas.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. Comunicación, divulgación e publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Asi mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio.



A conselleira de Política Social e Igualdade

Fabiola García Martínez

O representante legal da Fundación
JuanSoñador

Francisco Rodríguez Míguez





ANEXO I

Distribución do gasto para a execución do programa obxecto de subvención (1 xaneiro - 31 de decembro de 2025)			
CONCEPTO	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	XUNTA DE GALICIA	ORZAMENTO TOTAL
PERSONAL CONTRATADO	19.966,36€	132.306,01 €	152.272,37 €
LOCAIS/ SUBMINISTRACIÓN	1.905,90 €	14.245,71 €	16.151,61 €
COMUNICACIÓNS (correos, teléfono)	680,90 €	1.128,83 €	1.809,73 €
MATERIAL DE OFICINA	0,00 €	312,53 €	312,53 €
OUTROS GASTOS (material de limpeza, menaxe...)	737,82 €	955,43 €	1.693,25 €
ACTIVIDADES, MATERIAL FUNXIBLE	241,49 €	4.915,71 €	5.157,20 €
GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN (relativos á realización do programa)	0,00 €	18.416,86€	18.416,86 €
TOTAL	23.532,47 €	172.281,08 €	195.813,55 €

Os gastos de Administración e Xestión refírense a custos indirectos procedentes de persoal de administración que desenrolan funcións necesarias para levar a cabo o desenvolvemento do programa, tales como contabilidade, RRHH, e outros gastos sen os cales non se podería levar a cabo a actividade.



ANEXO II

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA
2. DESCRICIÓN DO PROGRAMA SOCIO EDUCATIVO E DE LECER E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA A INFANCIA, A ADOLESCENCIA E AS FAMILIAS
3. OBXECTIVOS DO PROGRAMA
4. LOCALIZACIÓN
5. PROCESO DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA
6. AVALIACIÓN

1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

O presente documento define o *Programa socio educativo e de lecer e tempo libre*, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias no ano 2025, a desenvolver pola Fundación JuanSoñador co apoio da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dirixido a persoas menores, de entre 6 a 18 anos, e as súas familias, en situación de desprotección ou desvantaxe social.

A Fundación JuanSoñador dispón dunha sede en Galicia, na praza da Milagrosa en Lugo e desenvolve o programa nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

A creación e aplicación dun programa socioeducativo de atención integral para a infancia, adolescencia e familias, susténtase nos seguintes fundamentos:

- Un servizo de atención socioeducativa, orientado a ser un recurso en horario extraescolar, de apoio ás familias; que elimine e/ou reduza factores de risco social.
- Un servizo que proporcione un tempo de reforzo escolar e de ocio e esparexemento, onde as persoas menores poidan ter resposta aos seus intereses, ofrecéndolles canles onde participar e expresar a creatividade e protagonismo.
- Un modelo de intervención dende un enfoque integral e sistémico.
- Que as nenas, nenos e adolescentes poidan participar en igualdade de condicións en contextos normalizados.
- Un modelo de traballo en rede, implicando a todos os axentes que interveñen con cada caso, de cara a ter unha liña de traballo común, que repercuta de forma satisfactoria nas nenas, nenos, adolescentes e as súas familias.

Faise unha proposta educativa integral, desenvolvendo un proceso educativo que axude á persoa na súa promoción humana; incidindo nas raíces e causas da pobreza e/ou desvantaxe social.



Apóstase pola educación como metodoloxía pedagóxica – preventiva. Entendendo a educación como elemento fundamental para a prevención e superación de situacións de desprotección e/ou desvantaxe na que se poidan atopar as nenas, nenos e adolescentes.

As características do estilo educativo que se aplica no traballo coas nenas, nenos e adolescentes, son :

- Individualización na intervención educativa.
- Perspectiva integral do proceso educativo. Crese na persoa como un ser integral, onde conflúen distintas dimensións, por iso apostase por un traballo global a partir do desenvolvemento de distintas áreas de atención: persoal e social, escolar, familiar e dinamización do ocio e tempo libre.
- A conexión coa comunidade. Coordinación e complementariedade entre os diversos recursos que poden atender ás demandas formuladas en cada caso.
- O ocio como elemento básico de prevención.
- A creación de espazos informais de relación nos que traballar de forma distendida a convivencia e as habilidades sociais.
- A relación significativa entre a persoa participante e a educadora/educador.
- Fomento da autonomía, participación e do pensamento crítico das persoas menores.
- O traballo coas familias como elemento fundamental da intervención. Partindo da familia como sistema, o que ocorre nela incide directamente no benestar das nenas, nenos e adolescentes.

Os principios teóricos que sustentan a metodoloxía de actuación son:

- Enfoque integral. Tratando de facerlle ver á persoa participante a importancia de percibir a súa vida de forma global e que forma parte dunha familia e dunha sociedade.
- A relación significativa. A relación que se estableza entre o equipo educativo da Fundación JuanSoñador e a persoa participante será de empatía e de comprensión, sen deixar de lado o respecto e as normas establecidas.
- Voluntariedade. O acceso aos programas é voluntario.
- Individualización. Unha intervención de forma individual, tendo en conta o que cada persoa ten unha problemática diferente.
- Responsabilidade. A persoa participante debe descubrir que cada unha ten un certo grado de responsabilidade co entorno que a rodea, de cara aos demais e a si mesmo.
- Prevención. De cara a evitar problemáticas ou a incidencia das existentes.
- Intervención familiar. Propiciando o acercamento entre as nais-pais de forma que se impliquen na tarefa educativa e coñezan a evolución das súas fillas e fillos.
- Conexión coa comunidade. Existe unha coordinación coas distintas institucións existentes na comunidade, de maneira que se realice un traballo en rede, eficaz e positivo.
- Normalización. Fomentarase a autonomía, para que a vida da persoa participante se vaia normalizando en tódolos aspectos e se restablezan elementos perdidos que son fundamentais na vida da persoa menor.





- Temporalidade. Os programas socioeducativos son un servizo temporal e polo tanto procuraremos que as persoas participantes permanezan un período de tempo concreto, axustado, no seu caso, ao plan de intervención individualizado elaborado polos correspondentes Equipos Técnicos de Menores da Entidade Pública.
- Participación. A persoa participante debe sentirse partícipe e protagonista das actividades que se realicen.
- Avaliación dos obxectivos. Cada acción, individual ou grupal, é avaliada e contrastada, de forma que os obxectivos que se acordan en cada intervención se axusten ás necesidades reais.

2. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO E DE LECER E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA A INFANCIA, A ADOLESCENCIA E AS FAMILIAS

O programa de atención socieducativa de medio aberto é un servizo diúrno dirixido a nenas, nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade, que acoden ás diferentes actividades fóra do horario escolar, dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento da súa personalidade e socialización, a adquisición de aprendizaxes básicas que compensen as deficiencias socioeducativas das persoas participantes.

Este tipo de programa de atención socioeducativa presentan os seguintes puntos fortes:

- Son un instrumento que garante a atención integral das nenas, nenos e adolescentes e as súas familias.
- A proximidade da relación entre as persoas participantes e o equipo educativo.
- A integración dentro da propia comunidade.
- O seguimento individualizado que se fai de cada nena, neno e adolescente.
- Un programa que apoia e reforza outros servizos, recursos e/ou programas nos que as nenas, nenos e adolescentes e as súas familias xa estean a participar.
- É un espazo de referencia para as familias, nenas, nenos, mozas e mozos, onde obteñen respostas ás necesidades socioeducativas.
- Existe un traballo en rede con centros educativos, centros sociais e co equipo técnico do menor.

Perfil das persoas participantes:

Nenas, nenos, adolescentes, de entre 6 e 18 anos, en situación de desprotección ou exclusión social e as súas familias. Coas seguintes características:

- Familias monoparentais con dificultades de soporte familiar.
- Familias con escasa rede de apoio, tanto familiar como da comunidade.
- Familias de recente chegada a España.
- Menores con historia de maltrato, carencia de afecto, non existencia de estrutura familiar.
- Dificultades económicas por falta de ingresos: os proxenitores non traballan ou hai algún membro da unidade familiar en idade de traballar, en situación de paro de forma persistente e prolongada no tempo.





- Descoñecemento ou falta de habilidades para afrontar o proceso evolutivo da nena, neno e adolescente.
- Baixo nivel académico dos proxenitores ou estudos incompletos.
- Menores sen motivación para impulsar cambios nas súas vidas, para comprometerse, ou dificultade para pedir axuda.
- Falta de habilidades e experiencia das nais/pais para comprender as diferentes necesidades de crianza dos fillos e fillas.
- Illamento social, falta de amizades ou soporte familiar e contacto social.
- Non participación activa co entorno e dificultade de vinculación co territorio.
- Nenas, nenos, mozas e mozos que precisan adquirir hábitos de estudo e traballo das habilidades sociais.
- Absentismo escolar.
- Fracaso escolar e/ou baixo rendemento académico.
- Conflitos dentro do centro educativo ou condutas pouco apropiadas.

Áreas de atención:

Atención ao desenvolvemento persoal e social

- Deseño, seguimento e avaliación do Itinerario Socioeducativo Individualizado.
- Titorías personalizadas.
- Espazo Entérate!: talleres educativos temáticos de prevención de riscos contra a saúde, promoción de valores e sensibilización social, educación emocional e competencias sociais.
- Talleres individuais e/ou grupais de educación emocional e competencias sociais.

Atención escolar:

- Apoio e reforzo educativo en horario extraescolar.
- Aprendizaxe de métodos de estudo e de planificación (organización de axenda, horarios, etc).
- Espazo acompañado para o estudo.
- Espazo con acceso a ordenadores, impresora e internet.
- Préstamo de material escolar.
- Biblioteca: préstamos de libros e animación á lectura.
- Coordinación, seguimento e/ou mediación cos centros escolares.
- Talleres escolares de competencias transversais do ámbito educativo escolar.

Atención familiar:

- Orientación e asesoramento familiar.
- Espazos educativos de encontro familiar.



Atención e Dinamización do Ocio e Tempo Libre:

- Lecer entre o grupo de iguais.
 - Espazos de participación infantil e xuvenil: "Salas Abertas".
 - Punto de Información Xuvenil. Nas instalacións onde se desenvolve a actividade dispónse de taboleiros onde se coloca información de actividades que se realizan na cidade, públicas e/ou privadas, dirixidas á poboación xuvenil.
 - Asembleas participativas.
 - Servizo de merendas. Actividade na que os nenos, nenas e adolescentes realizan a merenda durante o tempo de tarde. Procurase dispoñer de produtos de alimentación saudables favorecendo hábitos saudables.
 - Fomento da lectura: clubs de lectura e animación á lectura.
 - Lecer autoxestionado con acompañamento.
 - Celebración de festas temáticas.
 - Acceso e aprendizaxe a través de novas tecnoloxías.

- Lecer na comunidade: dinamización e realización de actividades lúdicas e saudables en catro eidos de interese comunitario.
 - Área cultural: espazo para o fomento de actividades culturais e apertura ao mundo (diversidade lingüística, multiculturalidade, tradicións, etc.).
 - Área deportiva: espazo para o fomento de actividades deportivas (psicomotricidade, multideporte, deporte federado, deportes minoritarios, etc.).
 - Área medioambiental: espazo para o fomento de actividades educativas medioambientais e de preservación do entorno (rutas por contornos naturais, obradoiros de manualidades con materiais de refugallo, actividades de sensibilización sobre contidos relacionados coa limpeza dos espazos públicos, consumo responsable, etc.).
 - Área artístico-creativa: espazo para o fomento da expresión e creación artística (música, pintura, escultura, cine, danza, creatividade, etc.).

- Lecer en familia:
 - Actividades lúdicas de tempo libre en familia.
 - Préstamo de materiais lúdico-educativos para o fomento de actividades dentro do entorno familiar.

3. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Obxectivo xeral:

Lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia e adolescencia en situación de vulnerabilidade. A través de servizos de atención diúrna, de medio aberto, fóra do horario escolar, cun enfoque integral na intervención. Dando apoio, estimulando e



potenciando o desenvolvemento persoal e social, a adquisición de aprendizaxes básicas e lúdicas, que compensen as desvantaxes socioeducativas e familiares.

Obxectivos específicos:

Atención ao desenvolvemento persoal e social

- Favorecer procesos de participación individual e en grupo das persoas menores, como dereito e vía de inclusión social como protagonistas da súa vida.
- Favorecer o desenvolvemento e a emancipación integral da infancia, adolescencia e mocidade a través de itinerarios socioeducativos individualizados: afectivo - sexual, social, ética, de valores, etc.
- Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental, solidariedade, etc.) e de convivencia que complete ou emende os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar nos procesos de maduración persoal das persoas menores; a través do seguimento e atención emocional individualizada.
- Fortalecemento das habilidades sociais para o establecemento de relacións interpersoais satisfactorias.

Atención escolar

- Conseguir que os e as persoas menores estean motivadas de cara ao estudo e aprendizaxe, para favorecer o éxito escolar e a adaptación ao contexto escolar.
- Ofrecer recursos de apoio educativo individualizado, adaptados ás características propias das persoas menores; dando relevancia ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario cos centros escolares.

Atención Familiar

- Acompañar as familias no proceso persoal e socioeducativo de persoas menores.
- Orientar, fortalecer as competencias parentais, fomentar a reflexión, xerar unha maior implicación no proceso educativo.

Atención e Dinamización do Ocio e Tempo Libre

- Promover o desenvolvemento persoal e social das nenas, nenos e adolescentes mediante unha atención integral, socio educativa e preventiva en contextos non formais.
- Reforzar a convivencia e o dereito ao xogo, dende espazos de educación no tempo libre.





- Xerar oportunidades de relación, de socialización positiva, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio e tempo libre.
- Estimular a participación de persoas menores en situación de risco de exclusión social nas entidades e asociacións do barrio e/ou entorno máis próximo.
- Promover o empoderamento, a participación e o protagonismo das persoas menores.
- Ofrecer un marco de valores como son a amizade, o compañeirismo, a tolerancia e o respecto que complementen e emenden os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar e facer partícipes ás familias do proceso persoal e socio educativo das súas fillas e fillos.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas nenas, nenos e adolescentes, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos e entidades.

4. LOCALIZACIÓN

O Programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias, desenvólvese nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

No 2009 comeza a executarse nas cidades de A Coruña e Vigo. No 2012 na cidade de Lugo e no 2018 na cidade de Ourense.

5. PROCESO DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA

Unha vez se detecta que unha familia ten interese en participar nalgún dos programas da Fundación JuanSoñador, séguense os seguintes pasos:

1º. Contacto previo entre a persoa que solicita a participación da familia coa coordinación do Programa. Achéganse datos relevantes da situación familiar e posteriormente remítese a solicitude de participación para que o equipo educativo poida facer unha valoración previa.

No caso de que sexa a familia a que fai directamente a demanda de participación mantense unha entrevista de recollida de información da situación persoal, familiar, socioeconómica, académica, etc., e cales son as demandas realizadas. Se é preciso, poden darse varias entrevistas de recollida de información. No caso de cumprir cos requisitos, seguirase o procedemento habitual. No caso de non cumprir requisitos buscaríanse outros recursos alternativos que poidan dar resposta á demanda realizada.

A participación no programa é voluntaria, o traballo previo de motivación inicial deberá facela a persoa solicitante e/ou a familia.

2º. Encontro coa familia. Dependendo da situación, valórase que estean presentes a nena, neno, adolescente e a persoa que solicita a participación da familia no programa. Neste encontro infórmase á familia do contido do programa e reúnese a





máxima información posible sobre a mesma. Valórase tamén a motivación para participar. Este encontro pode ter varios resultados:

- Se queda clara a participación da familia, procédese a dar a alta no programa.
- Se non queda clara a participación por parte da familia, márcase un tempo para que poida reflexionar e tomar unha decisión sobre a súa participación. Neste caso será a familia a que tome a iniciativa de contactar.
- Se non queda clara a participación por parte da persoa que fai a entrevista, dásele unha nova data de entrevista para poder valorar previamente a alta co equipo educativo.

3º. Proceso de alta. Concórdase o calendario e as actividades nas que van participar, facendo entrega dun horario, así como a data de inicio. Asínanse coa familia os seguintes documentos:

- Ficha de inscrición persoal.
- Contrato pedagóxico de participación.
- RGPD (Consentimento informado para a protección de datos segundo lexislación vixente de protección de datos).

4º. Incorporación aos servizos. A nena, neno ou adolescente participante incorpórase a actividade no horario acordado.

Unha vez transcorrido un mes de participación no programa realízase o Itinerario Socioeducativo Individualizado (ISI).

Mantéñense entrevistas de seguimento da participación da nena, neno ou adolescente coa familia e co resto de servizos/recursos implicados en cada caso, de cara a facer unha posta en común do traballo realizado. Realízase, como mínimo, unha entrevista trimestral coa familia e con outros recursos e/ou servizos.

5º. Peche do expediente familiar. Un expediente pode pechase por varias circunstancias:

1. A persoa participante acada a maioría de idade.
2. Incumprimento do plan de traballo acordado coa familia e a persoa participante.
3. Superación da situación de necesidade.
4. A familia decide deixar de participar de forma voluntaria.
5. Cambio a outro recurso/servizo e/ou cidade.

Mantense unha entrevista de peche coa nena, neno ou adolescente participante e a familia, de cara a cerrar o proceso socioeducativo.

6. AVALIACIÓN

Para o seguimento do proceso de cada nena, neno ou adolescente participante, establécense 3 momentos de avaliación con cada un deles.



Avaliación inicial	Sesións semanais de avaliación do equipo educativo do programa para adaptación das actividades á realidade de cada nena, neno, moza ou mozo participante.
Avaliación intermedia	Elaboración de informe semestral sobre realización de actividades, alcance dos resultados previstos, impacto, número de participantes. Dificultades e solucións. Equipo educativo e coordinadora do programa.
Avaliación final	Elaboración de memoria anual, incorporando o grao de satisfacción das persoas beneficiarias do programa e valoración dos axentes externos cos que se mantén relación (datos obtidos a través de cuestionario). Equipo educativo e coordinadora do programa.

Os indicadores de avaliación correspondentes a área de atención anteriormente sinaladas son:

ATENCIÓN AO DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL	
Obxectivos	Indicadores
Favorecer procesos de participación individual e en grupo das persoas menores, como dereito e vía de inclusión social como protagonistas da súa vida.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de titorías realizadas con cada nena, neno e adolescente participante en 12 meses. - Grado de percepción de cada nena, neno e adolescente sobre o seu acompañamento.
Favorecer o desenvolvemento e emancipación integral das persoas menores a través de Itinerarios Socioeducativos Pluridimensionais: afectivo-sexual, social, ética, de valores, etc.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de ISÍ's deseñados/ N^o total de participantes. - Número de seguimentos do grado de desenvolvemento do ISÍ.
Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental, solidariedade, etc. e de convivencia que complete e emede os recibidos noutros ámbitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros educativos temáticos realizados. - Número de participantes en cada obradoiro educativo temático realizado.
Acompañar os procesos de maduración persoal das nenas, nenos e adolescentes, a través do seguimento e atención	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros de educación emocional e competencias sociais e





emocional individualizada.	<p>horas totais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de participantes en cada obradoiro. - Número de titorías individuais.
Fortalecemento das habilidades sociais para o establecemento de relacións interpersoais satisfactorias.	<ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de nenos, nenas ou adolescentes que melloran a súas habilidades sociais.
ATENCIÓN ESCOLAR	
Obxectivos	Indicadores
Conseguir que a persoa menor estea motivada de cara ao estudo e aprendizaxe, favorecendo o éxito escolar e a adaptación ao contexto escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Número total de sesións realizadas de apoio educativo. - Número de intervencións. - Seguimento do desenvolvemento de habilidades relacionadas co estudo. - Número de titorías individualizadas realizadas. - Número de nenas, nenos e adolescentes que pasan de curso/ nº total de participantes.
Ofrecer recursos educativos e lúdicos de calidade, adaptados ás características propias das persoas menores, dando especial relevancia ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros de informática, técnicas de estudo, plan de estudo individual, etc. - Grado de satisfacción e valoración por parte das nenas, nenos e adolescentes do servizo que reciben e no que participan.
Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas nenas, nenos e adolescentes e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de reunións iniciais realizadas nos centros educativos, de cada nena, neno e adolescente. - Número de seguimentos (contactos telefónicos, e-mails e/ou comunicacións escritas) cos centros educativos, e/ou equipo técnico doutros recursos. de cada nena, neno e adolescente. - Número de reunións do equipo educativo do proxecto. - Valoración externa das entidades coas que se establece un traballo en rede e coordinado.





ATENCIÓN FAMILIAR	
Obxectivos	Indicadores
Acompañar as familias no proceso persoal e socioeducativo das persoas menores.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de familias que participan no programa. - Número de acompañamentos realizados coas familias. - Número de entrevistas persoais iniciais, de seguimento e de peche realizadas coas familias. - Número de actividades e número de familias participantes nas actividades e/ou obradoiros educativos. - Grao de satisfacción e valoración realizada polas familias.
Orientar, fortalecer as competencias parentais, fomentar a reflexión e xerar unha maior implicación no proceso educativo.	<ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de familias que melloraron as súas habilidades de crianza. - Número de actividades e número de familias participantes nas actividades e/ou obradoiros educativos. - Deseño e implementación dun obradoiro de educación familiar
ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN DO OCIO E TEMPO LIBRE	
Obxectivos	Indicadores
Promover o desenvolvemento persoal e social das nenas, nenos e adolescentes mediante unha atención integral, socioeducativa e preventiva en contextos non formais.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de actividades de ocio realizadas. - Número de participantes en actividades de ocio. - Detalle das actividades de ocio realizadas en cada localidade. - Valoración realizada polas persoas participantes. - Número de participantes en campamento de verán.
Reforzar a convivencia e o dereito ao xogo dende espazos de educación no tempo libre.	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre e de actividades culturais.
Xerar oportunidades de relación, de	<ul style="list-style-type: none"> - Creado un espazo de estar, de





<p>socialización positiva, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio para o tempo libre.</p>	<p>lectura, equipado con xogos, ordenadores, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorporación de merendas saudables diariamente no programa. - Valoración realizada polas nenas, nenos e adolescentes participantes.
<p>Estimular a participación das NNA en situación de risco de exclusión social nas entidades e asociacións do barrio e/ou entorno máis próximo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de NNA que participan en actividades realizadas por outras entidades a través da intermediación do programa. - Número de actividades realizadas con outras entidades do entorno próximo. - Número de entidades coas que se establece contacto. - Número de convenio anual de colaboración asinados, para a realización de actividades de ocio.
<p>Promover o empoderamento, a participación e o protagonismo de nenos, nenas e adolescentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de participantes en actividades de ocio. - Deseño, execución e avaliación de espazos de participación e empoderamento individual e colectivo. - Valoración realizada de participantes. - Elaboración de propostas desde a participación e protagonismo infantil.
<p>Ofrecer un marco de valores como son a amizade, o compañeirismo, a tolerancia e o respecto, que complementen e emenden os recibidos noutros ámbitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de actividades de ocio realizadas e participantes. - Detalle das actividades realizadas en cada localidade. - Documento de experiencias das nenas, nenos e adolescentes participantes.
<p>Acompañar e facer partícipes ás familias do proceso persoal e socioeducativo das súas fillas e/ou fillos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número e familias que participan nas actividades de ocio en familia. - Número de actividades de ocio en familia ofertadas. - Número de actividades de ocio realizadas. - Valoración realizada polas familias.
<p>Conseguir unha maior eficiencia na</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de nenas, nenos e





<p>intervención coa nena, neno e adolescente e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.</p>	<p>adolescentes derivadas polas administracións públicas, entidades, centros educativos, etc.</p> <ul style="list-style-type: none">- Número de entidades coas que se establece colaboración para o desenvolvemento do proxecto.- Número de coordinacións - seguimentos realizados con entidades.- Número de persoas voluntarias que participan no programa.- Valoración realizada por outras entidades, axentes externos sobre o programa.
---	--

